

A nosa viaxe a París.



Primeiro Día.

Nós as dúas xunto con María saímos xuntas para o aeroporto de Santiago, onde pola mañá quedáramos todos. Pasamos os respectivos controis e subimos ao avión. Xa empezamos coas fotos e os vídeos, pois comezaba unha emocionante viaxe. Chegamos ao Charles de Gaulle sobre as dúas e media da tarde, e alí recolleamos a equipaxe e un autobús levounos ata o noso hotel. Despois houbo que organizarse para facer o reparto de habitacións. Con soamente media hora para deixar a equipaxe e comer, collemos rumbo cara o metro para ir ata a Avenida dos Campos Eliseos, onde vimos o Arco do Triunfo, e logo andamos un bo anaco ata chegar á Torre Eiffel. Alí pasamos gran parte da tarde e comemos a primeira das moitas crêpes. Estivemos charlando sentados baixo ela e vendo a súa iluminación ata que nos tocou subir, algúns ao segundo piso e outros ao terceiro. Sobre as doce da noite collemos o metro para volver ao noso hotel (nun barrio chungo con moitos ionkis). Esa noite a persoa que máis durmiu dos seis que estabamos na habitación (eran de tres) foi María, que durmiu unha hora, e a que menos Sara, entre cinco e dez minutos, os demais sobre corenta e cinco minutos.

Segundo Día.

Tocaba levantarse (7:00AM) e o corpo pesaba, aínda así almorzamos os nosos respectivos tres croissants por cabeza, acompañados coas súas crêpes, dous cafés, un zumo de laranxa e friame.

Esa mañá informáronnos de que o percorrido preparado para ese día sería longo e duro. Pintaba mal. Puxémonos camiño ao museo do Louvre, que a nós persoalmente foi o que

menos nos gustou, non porque non sexa bonito, senón porque había moita xente e iso resultaba agobiante. Paula perdeuse cun pequeno grupo de persoas integrado por Iván Pais e as súas sombras. Encontrámola quince minutos despois, sa e salva, un tanto desorientada, mais iso non era ningunha novidade.

Os problemas viñeron cando chegou o momento de sacar as fotos de familia, pois Sara e María saían con gafas de sol coa vista perdida no horizonte, despeiteadas e coa cara branca coma os zombis. Queremos destacar un pequeno percance, ou máis ben encontronazo, que tivo Sara cun home de raza asiática, talvez chinés, talvez xaponés, talvez coreano. Este individuo non comprendía a importancia do espazo vital dunha persoa, e a nosa aventureira favorita viuse obrigada a recordarllo. O individuo non falaba español. A visita proseguíu tranquilamente e sen percances. Posteriormente visitamos o Xardín das Tullerías e Nôtre Dame, onde non chegamos a entrar, dado que os profesores temían que os alumnos non aguantasen facer a cola, polo menos sen quedar durmidos. Dito isto, cómpre lembrar un episodio no que unha das nosas aventureiras quedou durmida nunhas escaleiras na rúa, mentres conversaba con Iván Domínguez, de aí o incidente.



De volta no hotel, as nosas aventureiras durmiron oito horas, grazas a diversas ameazas do profesorado. Esa noite xuntáronse no hotel uns xóvenes turistas holandeses e o alcohol. A embriagueza que sufrían levoulles a cometer a suprema estupidez de facer soar a alarma de incendios, a cal as nosas tres aventureiras non escoitaron, ao non espertar. Un dato de interese é que as nosas aventureiras tiñan a alarma diante da porta. Nin os seus compañeiros, petando á porta, nin as chamadas que se fixeron aos seus teléfonos conseguiron espertalas. Afortunadamente só foi unha falsa alarma, do contrario as nosas aventureiras non estarían escribindo isto. Damos por concluído o relato do segundo día.

Terceiro Día

Levantámonos con normalidade e baixamos a esgotar as reservas do buffet libre do almuerzo. Se non mencionamos as nosas comidas é porque foron algo ao que non se lle deu importancia, comendo en postos na rúa e ceando nun Mc Donald's que estaba xusto ao lado do hotel. Tan pronto apareceron as nosas tres aventureiras no comedor, achegáronselles un grupo de preocupados compañeiros interesados polo seu benestar. Explicáronlles o acontecido a noite pasada.



Ao rematar de almorzar puxémonos camiño a Versailles, un dos lugares máis lonxanos do noso percorrido por París, ao que tivemos que chegar mediante un tren de cercanías, todo hai que dicir, moito máis cómodo que o coñecido metro. Ao chegar a Versailles vimos unha cola enorme, mais grazas á labia da profesora Lucía, que nos salvou en incontables

situacións, entramos ao dereito despois de tomar un pequeno pisolabis. Vimos de arriba abaixo todos os xardíns e despois entramos no pazo. A nosa visita foi unha competitiva loita por atopar un asento baleiro (sentabamos en todos os lados posibles).

Tocaba volver coller o metro de cercanías, e ao chegar a París fomos todos ao Barrio Latino. E aí comezou quizais a maior disputa da excursión, pois a metade do grupo quería volver para o hotel ver o partido de fútbol, porque sen máis estaban cansadísimos, mais a outra metade do grupo quería quedar no Barrio Latino.... Entón o profesor Joseba, que estaba bastante queimado, actuou rapidamente e levou a metade do grupo con el (no que estabamos nós as dúas) de regreso ao hotel. Deu gusto chegar por primeiro día cedo, e aproveitamos para ir ao supermercado mercar auga e provisións necesarias, como chocolatiños, galletiñas e regalices. Aproveitamos e xa no mesmo centro comercial dispuxémonos a coller a cea: hamburguesas no Mc Donald's. Esa noite xa estabamos descansadas e as nosas intrépidas rapazas estaban listas para volver ás aventuras nocturnas. Sara colleu unha vestimenta NON apropiada e dispúxose a "cazar guiris", como ela mesma dicía, en pixama e zapatillas de pelusillos. Sempre co permiso previamente solicitado e aprobado da profesora Lucía. Temos que dicir que os "guiris" non respetaban o horario de sono das nosas aventureiras, e esta viuse obrigada a actuar. Despois de percorrer varias veces a planta non os atopou, foi para a cama con sede de sangue. Esa noite invadiron a nosa habitación tres indesexables individuos que se dedicaron a durmir nas nosas camas e facer cafés e macelas. Non logramos botalos fóra ata as seis e media. Cabe destacar que mentres que todos tivemos que ceder, concretamente un anaco da nosa cama, para que puidésemos durmir seis persoas nunha habitación de tres, a nosa egoísta aventureira Paula negouse a compartir cama. Tras varios intentos de invasión da súa cama, Alex Parajó saíu lesionado.

Cuarto Día



Dedicamos a mañá a compras, ao metro, a percorrer as rúas de París e a visitar o Sagrado Corazón, onde Paula tivo un encontronazo cunha muller que buscaba ignorantes que lle firmasen un formulario para sacarlle cartos aos pobres incautos. Violeta, nun acto que non foi pensado previamente, colleu o bolígrafo dispoñéndose a firmar. A nosa aventureira Paula, que de incauta non ten nada, arrebatoulle bruscamente o bolígrafo das mans, maldicindo a Violeta e ao seu acto.

Cando parecía que todo quedaría aí, nunha chamada á cordura de Violeta, a muller que recaudaba as firmas, furiosa con Paula, achegouse a ela e propinoulle un discreto pero forte golpe no abdome. A nosa aventureira, que de incauta non ten nada, pero que ten un carácter un pouco irascible, dispúxose a empatizar coa súa agresora intentando que ela sentise o mesmo que a pobre Paula, isto é, devolverlla máis forte. Mais Paula, que como xa dixemos repetidamente, de incauta ten pouco, razoou que estaba nun país estranxeiro, e que iso só agravaría as consecuencias dos seus actos. A cousa quedou aí.

Despois fomos a Montmartre, onde comemos a mellor crêpe de todo París, e onde a nosa aventureira Sara quedou engaiolada coa destreza coa que o cheff as preparaba. Nesta rúa foi onde realmente sentimos o ambiente parisino, pois ao ser unha rúa con aspecto máis “rural”, en comparación con outras rúas, un sentíase dentro, e cómodo, da cultura e da xente do lugar. Seguiulle unha foto de familia no Moulin Rouge, unha foto de familia en “Mur des je t’aime”, unha foto de familia nas galerías Lafayette, onde contemplamos unha preciosa vista panorámica de toda a cidade, e onde aproveitamos para airear os cansados pés, isto é, descalzarnos. Esgotados, volvemos para o hotel. Ese día ceamos separadas, Sara kebab co grupo dos rapaces e Paula hamburguesa con outro grupo. Esa noite, armada de coraxe e forza de vontade, a nosa intrépida aventureira Sara evacuou a catro parásitos da súa habitación, a iso das cinco da mañá. Ela soa, sen axuda, dado que a súa suposta compañeira ía xa polo quinto sono.

Quinto Día

Ese día empezou un pouco revoltó, e un pouco demasiado tarde. O día anterior quedamos en estar listos e xa almorzados ás nove en recepción. De puro milagre, María espertou ás nove e cinco, avisándonos precipitadamente de que non nos espertaron ningunha das alarmas programadas a noite anterior para as sete. Collendo rapidamente o esencial (cartos e comida), e peiteándonos e calzándonos polas escaleiras, pois o ascensor estaba ocupado, non sabemos nin como puxemos o pantalón do dereito (Sara vestiu a camiseta do revés e Paula fixo o mesmo cunha prenda que non imos nomear aquí). Ademais famentas e exhaustas, pois María quedou sen folgos baixando ás escaleiras...



Cando chegamos xa todos estaban fóra de recepción organizándonos a porta da estación de metro. Collemos o tren de cercanías, pois tocaba ir a DISNEYLAND, o traxecto máis longo, unha hora. Con sorte para unhas, Paula e Sara, e por desgraza para outra, María, que case lle rompe o acordeonciño nos dentes, no noso tren tamén viaxaba un simpático músico que

nos amenizou a viaxe co seu acordeón complementado polo amplificador. Iamos sentadas nas escaleiras en calquera recuncho que quedase libre. Nunha das últimas paradas abriuse a porta do lado no que íamos acomodadas, e case caemos precipitadas vivas nas vías parisiñas, o que non se presentaba como unha morte digna para as nosas aventureiras (nin para ningún ser humano). Despois de acabarse o traxecto en tren, tocaba baixarse e despedirse das magníficas vistas coas que nos agasallaron os guapos mozos que viaxaban no noso vagón. En Disney explicáronnos as normas e repartíronnos as entradas, puxemos unha hora para regresar, e por fin libres!

Disney foi xenial, estabamos na nosa salsa, como nenas pequenas, realmente é máxico. Non habería folios suficientes para explicar a adrenalina e a emoción de moitas das excitantes atraccións, unha delas a Paula deulle ganas de chorar, e tivolle que axudar a abrochar o cinturón unha nena pequena. Noutra, un amable traballador que tamén falaba español, e moi agraciado fisicamente, mostrounos o xeito correcto de abrocharnos o cinturón para evitar desnucamentos e escordaduras. Ao baixar da atracción, cargada de endorfinas e adrenalina, a Paula non se lle ocorreu outra cousa mellor para expresar a súa felicidade que comunicarlle ao mozo que previamente nos ensinara a abrocharnos, que era moi guapo, isto é, "Ghuapooo, que eres moi Ghuapoooo". O mozo deulle as grazas e despediuna cun sorriso. Queremos remarcar que así como moita xente nos tratou da forma máis despectiva por ser españois, este mozo tratounos de forma moito máis animada e alegre pola nosa nacionalidade, incluso cantando e dando palmas acompañándose con algún "españoles, olé".

Chegamos un pouco tarde respecto á hora de saída cara o hotel, xa que María se empeñou en comprar unha crêpe en Disney.

Xa no noso barrio, dirixímonos ao supermercado, coas nosas orelliñas de Minnie Mouse. As nosas aventureiras Sara e Paula andaban na procura dunhas galletas con, a poder ser, máis chocolate que galleta, cando uns xóvenes parisinos, bastante guapos, procederon a recitalles unha sarta de comentarios obscenos en francés. Salvaron o pescozo, xa que as nosas aventureiras non reaccionaron con rapidez, pois quedaron pensando no significado destes comentarios. Déronse conta destes uns minutos despois. Descifraron que significaba que se se querían deitar con elas, e foron na procura do seu compañeiro Iván Domínguez contarlle o sucedido. A este soamente se lle ocorreu reaccionar ríndose delas e da súa indignación.

Esa noite, coma nas outras, estivemos falando cos rapaces ata que marcharon á súa habitación, posto que ao día seguinte debiamos erguernos ás catro e estaba todo sen preparar. Ás dúas e media Sara quedou durmida, ignorando as advertencias das súas compañeiras. Estas últimas, María e Paula, saíron sacar o lixo ás tres e media da mañá, xa que elas decidiran non durmir, se non ao día seguinte non espertarían. Cando sacaron o lixo saíron escoltadas polo recepcionista, posto que estabamos nun barrio perigoso no que había bastantes indesexables.

Sexto Día

Á mañá seguinte tocoulles a María e a Paula a ardua e desagradable tarefa de despertar a Sara, quen fixo gala dun vasto repertorio de insultos e improprios ao ver o seu sono interrompido. María e Paula xuraron e perxuraron que endexamais a volverían despertar, e que se había próxima vez, quedaría durmindo ela soa mentres o grupo poñía regreso a Galicia. Collemos o autobús, fixemos os trámites requeridos, no caso de Paula, un control de drogas e explosivos, no caso de Sara, unha inspección da súa equipaxe, e embarcamos no avión. Onde todos quedamos durmidos, e iso contando cun pequeno maleante de menos de dous anos que non paraba de chorar e berrear.

FIN

PD: Quedan moitas anécdotas e experiencias sen mencionar, mais faríase demasiado longo este diario. Ambas esperamos repetir esta experiencia, e chegamos á conclusión de que o que a fixo inesquecible foron as persoas e non o propio destino.

PAULA GERMIL E SARA MARCOS. 3ºESO-A